

Memoria Anual de Actividades
Implicadas no Desenvolvimento

2011

Esta memoria foi elaborada polo equipo de documentación de Implicadas no Desenvolvemento cos materiais achegados por todo o voluntariado.

Coordina: M^a José Meilán e Paula Bouzas

Fotos: Implicadas no Desenvolvemento

ÍNDICE DE CONTIDOS

1. INTRODUCCIÓN

Implicadas no Desenvolvemento

- Misión
- Visión
- Principios e criterios

2. MEMORIA DE ACTIVIDADES

2.1. Mellora e activación da base asociativa

2.2. Voluntariado

2.3. Diseminación da visión e misión de Implicadas

- Implicate
- Os meus ollos, as túas mans
- Axenda do Desenvolvemento
- Exposicións
- Presenza en cursos, congresos e festivais
- Mesas informativas
- Clubs de lectura

2.4. Establecemento de redes con outros axentes

2.5. Diversificación das fontes de financiamento

2.6. Comunicación

2.7. Programas de cooperación

- 2.7.1. Erradicación do infanticidio feminino en Salem
- 2.7.2. Corredor de xénero (Tiruchirapalli-Karaikal)

3. RECURSOS HUMANOS E ORGANIZACIÓN INTERNA

4. MEMORIA ECONÓMICA

5. CONCLUSIÓN

1. INTRODUCCIÓN

MISIÓN

Traballar a prol da erradicación da pobreza nas comunidades máis afectadas por ela, e máis en concreto no colectivo das mulleres, a través da eliminación das estruturas de opresión Norte-Sur e de xénero e da contribución a unha vida digna para tódalas persoas nun exercicio de corresponsabilidade entre Galicia e as sociedades civís do Sur.

VISIÓN

Implicadas entende a cooperación ao desenvolvemento como un intercambio coas comunidades coas que traballa, que enriquece as dúas partes e que pretende, dende a igualdade e o entendemento, conseguir un cambio a nivel global nos ámbitos do xénero, a sanidade, a educación, os dereitos humanos, a economía e tódolos factores que compoñen o desenvolvemento humano perdurable.

PRINCIPIOS E CRITERIOS

Implicadas é unha organización independente, aconfesional e apartidaria.

Implicadas é unha organización galega comprometida co cambio social no noso país.

Implicadas fomenta as prácticas democráticas e a toma de decisións conxuntas dentro da súa estrutura interna.

Implicadas traballa desde o enfoque de xénero a tódolos niveis, o cal implica unha política activa para acadar a superación da discriminación das mulleres e para que a súa voz se escoite no mundo.

Implicadas cre no dereito dos pobos ao desenvolvemento, tanto a nivel colectivo como individual, e en particular ao desenvolvemento en pé de igualdade dos grupos discriminados, máis en concreto as mulleres, que a pesar de constituírmos a metade da poboación, seguimos sendo maioría no colectivo das persoas pobres do mundo por razóns de xénero.

Implicadas é unha organización crítica coa sociedade do primeiro mundo.

Implicadas traballa en pé de igualdade con organizacións cívicas dos países do Sur que compartan os mesmos principios e criterios xenéricos.

Implicadas fundamenta nos criterios de sustentabilidade e autoxestión das comunidades as súas intervencións no terreo, de xeito que se lles dea unha resposta axeitada ás necesidades que expresen as comunidades do Sur.

Implicadas é unha organización de base voluntaria.

Implicadas non contempla o envío de cooperantes ou voluntariado aos proxectos a menos que as organizacións locais así o requiran ou a menos que sexa dentro de programas de intercambio para coñecer o traballo das contrapartes de persoal de Implicadas.

Implicadas define como países prioritarios da súa actuación a India polo vínculo inicial e os países menos adiantados segundo a definición das Nacións Unidas.

Implicadas ten especial interese en traballar naqueles países onde non exista unha tradición de traballo en Galicia, primeiro para evitar duplicar esforzos, segundo para evitar unha concentración que pode ser contraproducente (péñese na tsunami no sueste asiático, durante a cal a poboación galega tivo que actuar ou a través de Implicadas ou a través de organizacións de fóra de Galicia) e terceiro porque pensamos que cómpre dar voz a esas comunidades coas que nos unen vínculos de lingua ou emigración e coas que nos ten que unir por forza só o sentido da xustiza.

Implicadas traballa dende o principio de que a cultura, o coñecemento e os valores dos países do Sur deben ser coñecidos e recoñecidos en Galicia e por iso centra parte do seu traballo en difundir tales cuestións e contrarrestar estereotipos e ideas de superioridade que forman parte da roda da pobreza.

Implicadas busca sinerxias no Norte e no Sur con outros movementos sociais cos que ten afinidade, máis en especial, o movemento feminista, o sindicalista, os movementos culturais e o ecoloxismo.

2. MEMORIA DE ACTIVIDADES

2.1. MELLORA E AMPLIACIÓN DA BASE ASOCIATIVA

Durante o ano 2011 Implicadas centrou unha grande parte dos seus esforzos en ampliar a súa base asociativa. A redución de fondos para a cooperación por parte de doadores externos fixo máis urxente o compromiso da organización coa súa independencia económica e a participación social.

Neste ano as accións para mellorar a base asociativa xa existente consistiron principalmente en accións para mellorar a comunicación coas socias:

- Manter a lista de correo para asociadas: mediante esta lista mándaselles a tódalas socias información sobre as actividades da organización e os informes dos proxectos por correo electrónico unha vez ao mes.
- Boletín mensual: elaborouse durante tódolos meses un boletín onde se recolle toda a información referente a actividades, eventos, campañas... previstas para o mes correspondente.
- Evento anual de xuntanza

Por outra banda, leváronse a cabo diferentes accións e estratexias para a captación de socias:

- Contactouse con asociacións de diversos tipos para difundir información dixital sobre a nosa ONGD e o seu traballo
- Contactouse co STEG para o envío de información ás súas afiliadas e afiliados co obxectivo de que se asocien a Implicadas.

Campaña 1de200

Foi en agosto de 2010 cando IMPLICADAS decidiu que resultaba de urxencia ampliar en 200 socias a súa base para poder manter os proxectos de cooperación que estaban en marcha e sen ningún tipo de financiamento externo. Foi así como comezou unha importante campaña para captar socias, a campaña 1de200, que leva consigo diferentes accións que pasamos a expoñer:

- **Presentación da campaña**
 - O sábado 12 de febreiro presentouse no Fórum Metropolitano da Coruña a campaña 1de200, coa participación de Yolanda Castaño e Antón Reixa.
 - En Ourense , presentouse no mes de outubro, coa colaboración de Xose A. Touriñán e Marcos Pereiro, *Mucha e Nucha*. Aínda que estaba previsto realizar a actividade ao aire libre, a meteoroloxía obrigou a celebrar o acto no Punto Xove da cidade.
- **200 palabras, actividades cos centros de ensino**

A actividade "200 palabras", que contou coa colaboración de escritoras e escritores en lingua galega, levou a campaña 1de200 aos centros de ensino, ofrecéndolle ao alumnado a oportunidade de formar parte dela dun xeito creativo.

A actividade consistiu na compilación, por parte do profesorado e alumnado de 3º ciclo de Primaria e 1º de ESO de diferentes centros de ensino de Galicia, de 200 palabras relativas ao infanticidio feminino. Con estas 200 palabras escritoras e escritores en lingua galega elaboraron relatos encamiñados á publicación dun libro dixital que neste momento está en elaboración.

Nesta experiencia participaron os seguintes centros de ensino:

CEIP Wenceslao Fernández Flórez de Cambre
I.E.S. de Rodeira en Cangas do Morrazo.
CEIP Centieiras en Fene
Colexio " Divina Pastora – Salesianos" de Lugo
C.E.I.P. " Mosteiro de Caaveiro" As Neves
E.P do CEIP San Ramón de Moeche

O relartos foron realizados polas seguintes autores e autoras:

- Cristina Corral
- Antón Cortizas
- Guillermina Domínguez
- Isidro Novo
- Ánxela Gracián
- Fran Alonso
- Antonio Reigosa

• 200 músicas

A iniciativa "200 músicas" pretendeu implicar a diferentes artistas e grupos musicais para que integren a campaña nos seus concertos, manifestando o seu apoio, proxectando audiovisuais da campaña ou animando o público a asociarse. As actividades desenvolvidas dentro desta iniciativa foron:

Concerto de Xoán Curiel

O 10 de marzal realizouse un concerto de peche de xira na Sala Nasa a prol da campaña 1de200, onde o cantautor interpretou os temas do disco "Nai" acompañado dos músicos Xabier Olite, Álvaro Trillo, Sergio Tannus e Carlos Freire.

Concerto Solidario no Ultramarinos

Celebrouse o 11 de abril e nel participaron artistas como: Sergio Tannus Trio, Fred Martins e Xoán Curiel.

Esta campaña supuxo un verdadeiro éxito. Durante este ano conseguimos 34 novas socias (pasando de 70 a 104 dende finais de 2010). Toda a información sobre o proxecto e a

campaña está dispoñible na páxina <http://200implicadas.com/>, onde é posible tamén acceder ás imaxes e vídeos dos eventos xa celebrados.

AVALIACIÓN

Podemos dicir que o balance xeral da campaña resultou moi positivo posto que o voluntariado implicouse moi activamente para a realización das diferentes actividades, a través das que se conseguiron 34 novas socias. Con todo, non se acadou obxectivo marcado de conseguir 200 novas persoas asociadas.

Con respecto ás actividades enmarcadas dentro da campaña podemos dicir que:

- As asociacións e actividades deportivas non resultaron as máis efectivas para conseguir novas persoas asociadas, pero si para darlle visibilidade á organización e conseguir pequenos ingresos.
- As actividades de tipo cultural foron as máis exitosas, xa que foron nas que máis persoas se decidiron a asociarse. Cabe destacar a actividade “200 músicas”, a través da que se conseguiu a colaboración de diferentes artistas que nos abriron unha canle de difusión excepcional.

2.2. VOLUNTARIADO

O voluntariado é a base do traballo de Implicadas no Desenvolvemento xa que a organización só conta cunha traballadora contratada a tempo parcial. Tódalas actividades que lle son propias á organización dependen do traballo voluntario que se atopa espallado por todo o territorio galego e mesmo fóra de Galicia.

Durante o 2011 Implicadas viu aumentado o seu voluntariado e o número de persoas que mostraron interese polo traballo voluntario dentro da organización. Durante este ano, para facer máis eficaz a xestión de Implicadas, fíxose unha actualización do rexistro de voluntariado e un seguimento do mesmo para ver a súa actividade así como o dinamismo dos grupos. Por iso moitas das baixas feitas efectivas durante este 2011 son o resultado desta actualización, na que algunhas persoas do voluntariado debido á falta de actividade ou de tempo pasaron a ser colaboradoras puntuais.

Para facilitar a integración do novo voluntariado realízase un primeiro contacto onde se explica en qué consiste ser voluntaria/o de Implicadas, qué grupos hai e cal é o que mellor se adapta ás necesidades e expectativas da persoa interesada. Despois deste proceso, a coordinadora do grupo respectivo procede á integración da persoa no grupo. Ao voluntariado ofréceselle toda a axuda que precise, tanto a nivel organizativo como formativo. Durante o ano 2011 unha das estratexias que se seguiu para mellorar este proceso foi a da formación interna dos grupos, que consistiu na introdución, nas propias reunións habituais dos grupos, unha formación de 15 minutos sobre aspectos relevantes da organización (Proxectos no Sur, enfoque de xénero, grupos de axuda mutua, etc.).

Por suposto a incidencia cada vez maior de Implicadas nos medios fixo que aumentase o número de persoas que se poñen en contacto coa organización para formar parte dalgún

grupo ou equipo. A isto axudou o empeño que puxo o voluntariado nas actividades de rúa para transmitirle á cidadanía a importancia do traballo voluntario e animar a participar na medida das posibilidades de cada quen.

Podemos dicir que das persoas que se poñen en contacto coa organización, arredor do 70% deciden integrarse nalgún dos grupos. Un 60% delas continúan na organización de xeito activo.

Debemos ter en conta neste apartado que moitos dos contactos que se fixeron nos últimos meses de 2011 se fixeron efectivos a comezos do 2012. Os resultados analizados en xaneiro do 2012, xa que logo, desvelan os seguintes datos:

VOLUNTARIADO (nº TOTAL: 53)

A) PRESENCIAL (23)

- A Coruña: 5
- Compostela:12
- Vigo:2
- Pontevedra: Inactivo.
- Lugo:4
- Ferrol (en creación): 1 (confirmada)

B) VIRTUAL (26)

- Tradución: 5
- Prensa: 4
- Documentos: 11
- Edición e maquetación: 6

C) OUTROS(Directiva) : 4

- ALTAS: 18
- BAIXAS: 15

Xa dende os inicios da súa andaina os grupos de voluntariado acordan deseñar unha programación de actividades dirixidas a acadar os seguintes fins:

- Sensibilizar a poboación sobre o tema da pobreza no mundo e as responsabilidades das sociedades máis desenvolvidas
- Darlle a coñecer o labor de Implicadas á cidadanía.
- Participar en redes de cooperación ao desenvolvemento ou de promoción da igualdade de xénero.
- Atraer novas socias e voluntarias para Implicadas no Desenvolvemento.

- Recadar fondos para os proxectos de Implicadas no Desenvolvemento.

Con estes obxectivos, Implicadas promove dous tipos de voluntariado: presencial e virtual. Ámbalas dúas modalidades de voluntariado son igualmente importantes e decisivas á hora de levar a cabo o labor de Implicadas.

VOLUNTARIADO PRESENCIAL

Na actualidade, Implicadas no Desenvolvemento conta con grupos de voluntariado estables en catro cidades galegas: Lugo, Santiago, Vigo e A Coruña.

Cada un destes grupos ten a súa propia Planificación Anual de Actividades. Dende a ONGD ofréceselle a aquelas persoas interesadas en colaborar con Implicadas a posibilidade de escoller a que grupo queren pertencer.

Cada grupo presencial de voluntariado reúnese, polo menos, unha vez ao mes para desenvolver a súa programación e contan cunha coordinadora, elixida polo grupo e que forma parte da Xunta Directiva.

Entre os proxectos de Implicadas encóntrase a creación de grupos de voluntariado noutras cidades e vilas de Galicia.

Lugo

Actualmente e dende o día 14 de outubro do 2010 o grupo de voluntariado lucense mantén, malia diversas mudanzas, o seu número de catro integrantes. O grupo está consolidado na cidade, posto que ofrece un bo número de actividades diversas e conta con presenza regular nos medios locais (Telelugo). Durante este ano leváronse a cabo varias accións para poder captar máis persoas interesadas en traballar con Implicadas: pendurar carteis na rúa e en lugares de interese, poñer un anuncio na rede, contactar co departamento de voluntariado da USC...

Santiago de Compostela

Un dos obxectivos do grupo de Compostela durante o ano 2011 foi o de aumentar o seu número de integrantes para poder asumir unha maior cantidade e variedade de accións. O resultado foi dobrar o voluntariado co que se comezaba o ano: o grupo rematou o 2011 con 8 voluntarias e 4 novos contactos que mostraron interese por entrar no grupo.

A avaliación é positiva posto que cumpre os obxectivos previsto, mais as integrantes desexan intercambiar esta experiencia con outros grupos e colectivos para os que tamén podería ser útil, así como mellorar o seu propio grupo e dinamizalo.

Santiago de Compostela: Grupo de Aforro *Madia Leva!*

Dentro do grupo de Compostela creouse un grupo de aforro. Este grupo tivo un funcionamento estable segundo os seus estatutos durante o 2010, mais durante o 2011 e debido ao aumento do grupo de voluntariado, esta iniciativa permaneceu un tanto estancada.

As integrantes de dito grupo pretenden manter o grupo de aforro pero buscando algunha alternativa para que a función deste vaia máis alá.

Agora mesmo está formado por 4 integrantes que conta cun fondo de aforro, no que tódolos créditos concedidos están xa devoltos.

Vigo

A finais do 2011, reduciuse a dous o número de integrantes. No entanto, este número aumentará a comezos de 2012, posto que xa hai varias persoas interesadas que aínda non puideron asistir á xuntanza programada no mes de decembro.

O principal problema para a captación de voluntariado radica posiblemente no feito de que Vigo é unha cidade grande, na que non é doado darlle visibilidade ao noso labor. Ademais, moitas das persoas integrantes son estudantes que só fican na cidade durante un tempo determinado, polo que non se pode garantir unha continuidade.

A Coruña

O grupo da Coruña comeza a funcionar en outubro de 2010 con catro integrantes. A principios de 2011 son tres as que conforman o grupo. Durante algúns meses o grupo tan só estivo formado por dúas voluntarias das iniciais. A mediados de ano, aproximadamente, volve a incorporarse unha voluntaria das do comezo e unha nova voluntaria chega ao grupo, polo que nesa altura aínda seguen ser catro as integrantes do grupo. Un tempo despois hai unha baixa, pero durane os catro últimos meses do ano prodúcense novas incorporacións de forma paulatina. Ao final de ano, o grupo coruñés conta xa con seis integrantes. Dado que se trata dun grupo de recente formación e con integrantes sen experiencia previa, non se acadou aínda a desexada estabilidade. Con todo, as voluntarias participan tanto nas actividades locais coma nas actividades de tipo xeral ás que son convocadas. Como as integrantes pertencen a moi distintas áreas profesionais, o grupo vese fortalecido e enriquecido polas respectivas achegas e contactos.

VOLUNTARIADO VIRTUAL

Debido á multiplicidade de tarefas a desenvolver pola organización, Implicadas conta con grupos de traballo virtuais, especializados en diferentes eidos de actuación:

- Prensa e comunicación
- Tradución
- Elaboración de documentación
- Elaboración de proxectos
- Coordinación de exposicións

No ano 2011, en especial por mor do incremento do material audiovisual gravado nas diversas actividades da campaña 1de200, detectouse a necesidade de crear un novo equipo virtual que se encargase de darlle formato para podelo difundir na canle de Youtube da organización. O novo equipo constituíuse no mes de maio, pero non tivo actividade no verán e durante o restante trimestre do ano só produciu un audiovisual.

A clave deste traballo radica no aproveitamento da Internet como medio de comunicación e información. Cada grupo de traballo e mesmo cada grupo local posúe a súa lista de correo que facilita moito a comunicación malia a dispersión xeográfica. Tamén existen

ficheiros “en liña” no que as voluntarias poden consultar toda a documentación que se vai xerando.

Durante este ano houbo as seguintes altas nos equipos virtuais:

- Documentación: 3
- Audiovisuais: 4
- Prensa: 1
- Tradución: 0

AVALIACIÓN

No 2011 tres novas persoas pasaron a integrarse como voluntarias na organización. Conclúese que hai que facer esforzos para fomentar a permanencia, xa que cada vez hai un maior número de persoas que se amosan interesadas en facer voluntariado en Implicadas.

En canto aos grupos presenciais faise o seguinte balance:

- O grupo de Pontevedra quedou desactivado ao longo do 2011 por quedar sen voluntarias que o integren.
- No grupo da Coruña houbo bastante boa participación. Foi un grupo activo e hai perspectiva de que se vexa incrementado en número.
- O grupo de Santiago de Compostela foi o máis numeroso e activo. Amósase como un grupo estable e cun crecemento progresivo, tanto en número de integrantes como na envergadura das súas actividades.
- En Lugo o grupo de voluntariado é moi voluble xa que parece que non houbo un compromiso serio por parte de tódalas integrantes, que mesmo dificulta que poidan realizar as xuntanzas cun mínimo de asistencia.
- Na cidade de Vigo o grupo amosouse estable, pero sen grandes logros. Tres persoas novas integráronse durante este ano, pero fallou a permanencia e dúas delas abandonaron.

O fallo detectado foi que a dinamización dos grupos non foi realizada en tódolos grupos. A experiencia demostra que nos grupos nos que se levaron a cabo as actividades establecidas para a dinamización do voluntariado, a permanencia e implicación do voluntariado é maior, como por exemplo nos grupos de Santiago e da Coruña.

Para o vindeiro ano determínase que cada grupo debe establecer unha estratexia de captación de voluntariado.

FORMACIÓN

VILELA

Os días 2 e 3 de abril tivo lugar unha formación no municipio de Vilela. O carácter da mesma foi amplo e ao longo das xornadas non só se realizou un repaso pormenorizado das

actividades levadas a cabo e dos obxectivos cumpridos, senón que tamén se tomaron decisións con respecto ao vindeiros pasos. As xornadas reservaron ademais un espazo para outros temas importantes, como o microcrédito, os grupos de aforro, a estrutura interna de Implicadas ou a identificación de responsabilidades en función dos cargos. Tamén quedou tempo para sesións de traballo, identificación de debilidades e novas propostas de acción.

VIVEIRO

Coas xornadas de formación programadas para a fin de semana do 24 ao 26 de xuño do 2011 no Albergue Area-Viveiro, Implicadas conseguiu chegar e formar ao seu voluntariado en diferentes aspectos, dende a planificación, xestión, execución e avaliación das actividades que realizan ata os diferentes proxectos que a ONG ten en marcha tanto en Galicia (Campaña 1de200) coma no Sur (Proxectos de Cooperación ao Desenvolvemento na India).

Con estas formacións foi posible que o voluntariado afondase tanto no coñecemento e xestión interna da ONG coma no eido da cooperación ao desenvolvemento no marco dos proxectos que Implicadas leva a cabo.

O programa correspondente a esta formación é o seguinte:

I Sesión [Sáb. 10-14h]

10-10:30h Coñezámonos!

10:30-12:00h Ginkana por Implicadas

12-12:30h Descanso

12:30 - 14h Campaña 1de200. Quen acepta o reto?

II Sesión [Sáb. 16-19:15h]

16-17h Técnica de Avaliación de Actividades (TAA)

17-18h Protocolo de exposicións

18-18:15h Descanso

18:15-18:30h Presentación do Catálogo de expos (Kitty)

18:30-19:15h Presentación e Xestión da nova páxina web (Blanca)

III Sesión [Dom. 10-14h]

10-14h Xestión e Planificación (12-12:30h descanso)

MELIDE

Na fin de semana do 4 ao 6 de novembro Implicadas celebrou en Melide a última formación xeral para o voluntariado. Dada a heteroxeneidade do grupo, decidiuse a súa división en dúas partes: a primeira, constituída polas voluntarias máis veteranas, recibiu

formación para formadoras; e a segunda, recibiu unha formación xeral sobre a organización.

O primeiro grupo estivo formado por 8 voluntarias veteranas, escollidas para impartir nun futuro as sesións de formación de Implicadas cara ao exterior en base á súa experiencia e coñecemento profundo da organización. Ao longo da xornada do sábado 5 traballaron o seguinte programa:

Fundamentos da formación. Deseño e planificación de acción formativas.

- Introducción (fundamentos da acción formativa dentro da proposta xeral de Implicadas).
- Coñecemento do grupo (detección de necesidades, expectativas do grupo).
- Propostas metodolóxicas.
- Planificación dunha acción formativa (fundamentos básicos de toda planificación).

Dinámica: autoavaliación e reflexión da propia autoimaxe como docente.

- A planificación
 - 1 O contexto
 - 2 Necesidade de programar
 - 3 Uso da programación
 - 4 Desenvolvemento de contidos

Dinámica: suposto práctico de planificación dunha acción formativa.

O segundo grupo estivo constituído por catro das voluntarias de máis recente incorporación e a formación, de corte dinámico e participativo, artellouse arredor dos seguintes contidos:

- Presentación: ¿por que estou aquí?
- Dinámica de preguntas en tarxetas (as participantes escriben as dúbidas que teñen sobre a organización para revisalas máis tarde).
- PRESENTACIÓN DE IMPLICADAS:
 - ¿Con que palabras definirías a filosofía de Implicadas?
 - Audiovisual: breve historia de Implicadas.
 - Rolda de preguntas.
- PROXECTOS:
 - Audiovisual: breve historia da cooperación.
 - Como se planifican e como funcionan os proxectos de Implicadas.
 - Rolda de preguntas.
 - Vídeo: A Semente.
 - Presentación sobre o microcrédito.
 - Preguntas.
 - Presentación sobre o Infanticidio.
 - Vídeos 1de200.
- FINAL: Revisión de tarxetas e aclaración das dúbidas restantes.

Tódalas participantes na formación encheron follas de avaliación que resultaron moi positivas, tanto con respecto aos contidos coma no incremento do seu coñecemento da organización.

Avaliación das formacións

Debe destacarse que o voluntariado participante nalgunha xornada de formación é o que participa máis activamente e que permanece máis tempo na organización. A formación, polo tanto, resulta unha ferramenta chave de sensibilización e implicación do voluntariado, xa que fai que se sinta máis seguro e empoderado no desenvolvemento das actividades.

2.3. DISEMINACIÓN DA VISIÓN E MISIÓN DE IMPLICADAS

IMPLÍCATE: Noite de música e palabra solidaria

O Implícate é un acto no que se unen a cultura e a cooperación nunha noite solidaria que Implicadas vén celebrando en Compostela dende 2005. O obxectivo é promover a sensibilización sobre o tema ao que se lle dedica o acto e para iso contamos coa participación, totalmente altruísta, de representantes da música, o teatro, a literatura e a danza galegas.



Este ano o acto foi presentado por Yolanda Castaño e Luís Tosar e incluíu as actuacións musicais de Leilía, Som do galpóm e Wöyza, ademais do espectáculo de danza do *Centro Coreográfico Galego* e a representacións teatrais *Life is a paripé*, con Iolanda Muíños, César Goldi e Mos. No apartado teatral, o evento contou tamén coa presenza do actor Quico Cadaval. O ámbito literario estivo representado por Ánxela Gracián, Lino Braxe, Marica Campo e Séchu Sende. O premio Implícate 2011 foille entregado ao actor e director teatral Celso Parada, pola súa imprescindible contribución na dirección e organización do

Implícate! no Teatro Principal.

Avaliación Implícate

A sexta edición do Implícate resultou un éxito rotundo, tanto polo nivel das/os artistas convidadas/os, coma pola cantidade de público asistente e a recadación. Esta actividade anual, emblemática da nosa organización, consolídase e refórzase ao irmos gañando en experiencia.

XORNADA "OS MEUS OLLOS, AS TÚAS MANS" EDICIÓN II

Esta actividade ten como obxectivo a creación dunha nova exposición na que se trata de recoller a visión das voluntarias, pilar principal do traballo de Implicadas no Desenvolvemento.

A finais do pasado ano 2010 realizouse unha actividade semellante titulada igualmente "Os meus ollos, as túas mans", na que se plasmou o traballo da organización a través das mans de ilustradoras e ilustradores convidados. Debido ao





éxito que acadou esta actividade e á celebración durante este ano 2011 do “Ano do Voluntariado”, realizamos esta actividade na que participaron voluntarias da organización e ilustradoras/es colaboradoras/es que puxeron en común o seu traballo para realizar as ilustracións.

Con este motivo realizouse unha convivencia entre ambos grupos o pasado 27 de decembro na Casa da Xuventude (Lugo). As participantes tomaron parte en actividades formativas, dinámicas e xogos que serviron para divertirse aprendendo sobre a cooperación, o enfoque de xénero, o infanticidio feminino e tamén sobre a filosofía e o traballo de Implicadas no Desenvolvemento. Ademais, realizáronse parellas entre os dous grupos de traballo e as ilustradoras comezaron a facer o bosquejo das súas ilustracións cos argumentos das voluntarias como guía das mesmas. Este encontro dará como froito dez obras que formarán parte dunha exposición que percorrerá as cidades e vilas galegas a partir do vindeiro ano 2012.

Participantes na actividade:

- Voluntariado: Ánxela Valdés, Begoña Pedrouzo, Iria López, Manuela Vázquez, Noelia Darriba, Quitéria Mejuto, Tatiana Conde e Verónica Pardo.
- Ilustradoras/es: Julia Aguiar, Edgar Goás, Olalla Castro, Mariano Fuertes, Elena Gómez, Pascual Cabaleiro, Noemí Lorenzo, Ruth Caramés e Natalia Veiga.



A actividade foi recollida pola televisión local Telelugo e retransmitida esa mesma noite.

[Avaliación “Os meus ollos as tuas mans”](#)

Tanto o voluntariado coma as/os ilustradoras/es valoraron moi positivamente o desenvolvemento da actividade, que entendemos como unha maneira de achegármonos e sensibilizar os respectivos grupos. Cabe destacar a súa predisposición e altruísmo con Implicadas, así coma as fermosas ilustracións, que axudarán a difundir a misión e visión de Implicadas.

AXENDA DO DESENVOLVEMENTO 2011

Como vén sendo habitual, Implicadas no Desenvolvemento pon á venda a Axenda Solidaria, importante ferramenta a través da que se trata de sensibilizar a sociedade galega na súa implicación na cooperación ao desenvolvemento.

En 2011 Implicadas dedicoulle a súa Axenda ao proxecto ERRADICACIÓN DO INFANTICIDIO FEMININO EN SALEM (INDIA), proxecto en marcha para o que se puxo en funcionamento a campaña 1de200. O infanticidio é unha práctica pola cal as

comunidades matan as nenas practicamente cando estas acaban de nacer, debido á baixa consideración que teñen as mulleres na sociedade.

Avaliación Axenda do desenvolvemento

A finais de 2010 imprimíronse 500 exemplares da axenda, que foron repartidas entre as cidades de Lugo, A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, nun total de 68 puntos de venda en toda Galicia (12 en Santiago, 8 na Coruña, 13 en Vigo, 6 en Lugo, 14 en Pontevedra e 15 noutros puntos diversos da xeografía galega). No local de Implicadas en Vigo foron 6 as axendas vendidas, mentres que outras 19 se venderon nas distintas actividades levadas a cabo nos últimos meses. O grupo de Vigo, pola súa banda, puxo á venda 54 axendas, das que se conseguiron vender 23. O grupo da Coruña puxo á venda 102 axendas, das que se venderon 73, e recadou así 730€. O grupo de Lugo, pola súa banda, puxo á venda 71 axendas, das que se venderon 42, polo que se recadaron 420€. En Santiago de Compostela vendéronse 73 das 78 axendas distribuídas, cuns ingresos de 730 €.



EXPOSICIÓNS

Durante o ano 2011 rotaron por toda Galicia catro exposicións: *10X10*, *Maquila Boutique*, *O son das buguinas* e *Os meus ollos, as túas mans*.



10x10. A exposición *10x10* foi deseñada para conmemorar os máis de dez anos de traballo de Implicadas. Consta de 10 estruturas, a modo de cubos, autosostibles, cunha lona a cada lado na que se inclúen textos, fotografías e ilustracións explicativas da filosofía, traballo e obxectivos desta organización. A exposición tivo lugar durante o 2011 nos seguintes lugares:

- Compostela: do 16 de novembro de 2010 ao 11 de xaneiro de 2011, na Escola Oficial de Idiomas.
- Ferrol: do 31 de xaneiro ao 14 de febreiro de 2011, na Escola Oficial de Idiomas.
- Vigo: do 18 de xullo ao 29 de xullo de 2011, na Casa das

Mulleres.

Maquila Boutique. É unha exposición de artistas plásticas na que se denuncia a explotación na industria téxtil e na que se propoñen alternativas a esta explotación. Consiste na presentación, coma nunha tenda de roupa, de diferentes pezas baseadas nos produtos de compañías con informes de explotación nos países do Sur. Xunto coas pezas expóñense paneis informativos que falan da explotación, propoñen alternativas e incluso estudos de caso. A exposición tivo lugar en Narón, durante a Feira de Artesanía, entre o 12 de marzo e o 13 de marzo de 2011.



O son das buguinas. A exposición está formada por un total de 36 fotografías e catro paneis informativos, coas que se pretendeu divulgar o traballo que realiza Implicadas no Desenvolvemento, así como sensibilizar e concienciar a comunidade sobre a problemática existente no sur. Celebrouse durante o ano 2011 nos seguintes lugares:



- 29/12/2010 - 09/01/2011: Taboada (Casa da Cultura).
- 10/01/2011 - 14/02/2011: A Coruña (Café-Bar *A Repichoca*).
- 07/04/2011 - 28/04/2011: Compostela (Asociación *Os Tilos*).
- 01/05/2011 - 30/05/2011: Compostela (Café *Casa das Crechas*).
- 03/10/2011 - 31/10/2011: Oleiros (Castelo de Santa Cruz).
- 09/12/2011 - 15/01/2012: A Coruña (Casa Museo Casares Quiroga).

Os meus ollos, as túas mans. Nesta exposición preséntase o traballo de diferentes ilustradoras e ilustradores que, a través das súas obras e despois da súa convivencia co voluntariado de Implicadas, reflicten a visión que este lles transmitiu do seu traballo na organización. Estes traballos puideron verse durante o 2011 nos seguintes lugares:



- Sober (Pazo de Tor) dende o 19 de marzo ata o primeiro de abril.
- Compostela (Modus Vivendi) entre o 12 e o 18 de abril.
- Arzúa (Capela da Madalena) entre o 2 e o 15 de maio.
- Compostela (Biblioteca Anxo Casal) dende o 20 de xuño ata o 5 de xullo.

Avaliación exposicións

Atópamonos cunha das actividades máis complicadas de avaliar debido á dificultade de coñecer o número exacto de persoas que visitaron as exposicións. Pero facendo balance, concluímos que a través das mesmas temos a posibilidade de facer chegar a nosa mensaxe a moitas persoas con pouco esforzo, co que resulta un material imprescindible para contribuír á visibilización da organización.

VANAKKAM

Implicadas no Desenvolvemento presentou un ano máis o ciclo formativo Vanakkam!, palabra procedente da lingua támara que significa “benvidas. Os obxectivos deste ciclo, que neste ano acadou a súa quinta edición, son tanto a formación no eido da Cooperación Internacional coma a difusión de Implicadas non só en Galicia senón tamén nos países do sur. O ciclo Vanakkam consta de dúas partes: unha presencial e outra “sobre o terreo”,

posto que as persoas que o desexen teñen a posibilidade de viaxar á India o coñecer *in situ* o traballo de Implicadas.

O ciclo consta de 4 sesións que se celebraron no Centro Sociocultural de Fontiñas (Compostela). Nesta edición, matriculouse un total de 16 persoas. Desafortunadamente, e por primeira vez, non se realizou a segunda parte da formación, a visita aos proxectos, por falta dun grupo suficiente, xa que só unha persoa se atopaba en condicións de realizar a viaxe.

No entanto, podemos constatar a través das enquisas de avaliación que o nivel de satisfacción, tanto no referente á formación e nivel docente coma ao ambiente do grupo foi moi elevado, como xa vén acontecendo tódolos anos.

Avaliación Vanakkam

No 2011 o Vanakkam non acadou o éxito doutros anos, xa que non houbo tantas solicitudes para facer o curso coma en edicións anteriores e, ademais, ningunha persoa que o cursou se decidiu a viaxar á India. A mellora da súa xestión imponse como un aspecto que debemos mellorar. A escasa presenza de público na súa presentación polas diferentes cidades fai pensar na conveniencia de suprimir este tipo de presentacións nos vindeiros anos e potenciar a difusión da actividade a través das redes sociais, da páxina web e do blog. A pesar de extraer un balance non de todo positivo, o Vanakkam segue a ser considerado como unha actividade importante, xa que resulta unha ferramenta efectiva á hora de crear conciencia crítica, formar, sensibilizar e diseminar a misión e visión de Implicadas. Mostra disto é o número de persoas que despois de cursalo deciden quedar na organización.

I ESCOLA FEMINISTA

Entre os días 11 e 14 de abril Implicadas puxo en marcha a I Escola Feminista, baixo o título “Centros e periferias”. A organización contou coa colaboración de Belén Martín Lucas (Co-Coordinadora do Feminario de Investigación Feminismos e Resistencias, da Universidade de Vigo), Remei Sipi (escritora, activista e experta en movementos sociais africanos) e N. Manimekalai (directora do Centro de Estudos das Mulleres, da Universidade de Bharathidasan, Tiruchy). Este programa tiña o obxectivo de contribuír á aplicación de políticas e accións no campo da cooperación ao desenvolvemento dende unha óptica feminista e á integración das desigualdades Norte-Sur en tódolos feminismos a través da implicación da cidadanía viguesa no proceso. O programa destas xornadas foi o seguinte:

Luns 11

- Inauguración da Escola Feminista.
- Obradoiro a cargo de Implicadas no Desenvolvemento sobre a aplicación da parte teórica á cooperación ao desenvolvemento e ao activismo en xeral.
- Sesión de traballo.

Martes 12

- Conferencia a cargo de Remei Sipi, Presidenta da Asociación de Mulleres E'Waiso Ipola: Os feminismos na África subsahariana.

- Sesión de traballo.

Mércores 13

- Conferencia a cargo da Dra. N. Manimekalai da Bharatidasan University de Tiruchy: "Os feminismos na India, pluralidades e periferias".
- Sesión de traballo.

Xoves 14

- Conferencia a cargo da Dra. Belén Martín Lucas do Feminario de Investigación Feminismos e Resistencias da Universidade de Vigo: "Centros e periferias nos feminismos".
- Peche.

Avaliación Escola Feminista

A valoración xeral foi moi positiva. Ao longo destes días participaron na Escola Feminista 10 mulleres con diversos perfís, aínda que todas interesadas en feminismos e cooperación. Os aspectos máis valorados deste curso entre as asistentes foron os contidos, o ambiente do grupo e as instalacións. A organización ten intención de facer desta Escola Feminista un encontro con periodicidade anual, o que permitiría tratar toda a complexidade da teoría feminista dende tódalas perspectivas, movementos e posibles aplicacións, para seguir afondando neste proceso de formación, debate e proceso de xeración dunha conciencia crítica aplicable ao traballo no eido da cooperación, do activismo feminista e do día a día.

VISITA DA POETA TÁMIL SALMA

No mes de xuño contamos coa visita da poeta támara Salma, que visitou Galicia para presentar a tradución ao galego da súa novela *Despois da medianoite*. Con tal motivo, Implicadas organizou unha serie de actividades coa finalidade de promover a sensibilización da cidadanía viguesa por medio da visibilización de realidades ás que, a miúdo, temos un "difícil acceso" a través doutros medios e das fontes masivas de información e coñecemento. Así foi posta en marcha unha serie de xornadas de formación e intercambio entre Salma, autoras galegas e público en xeral, entre os días 2 e 4 de xuño. O programa foi o seguinte:

- Xoves 2: Visita ao centro de ensino IES Alexandre Bóveda.
Presentación da novela *Despois da medianoite* na librería Librouro.
- Venres 3: Obradoiro de escrita creativa aberto ao público.
- Sábado 4: Encontro de poetas galegas con Salma.
Mesa redonda.
Recital.

Avaliación visita Salma

Dende un enfoque plural e diverso, as actividades propostas (literarias e formativas a partes iguais), permitiron crear, ao longo dos días escollidos para a posta en marcha do proxecto, espazos de traballo, intercambio e reflexión que, consideramos, contribuíron notablemente

á formación de alianzas para loitar pola igualdade, a tolerancia, o respecto á diversidade e a cultura da paz.

- **CICLO CREADORAS GALEGAS DE IMAXE**

O día 26 de abril María Reimóndez participou na sesión do Ciclo Creadoras Galegas de Imaxe que se celebrou en Lugo para presentar o documental “A semente. India”, que trata sobre a utilización dos grupos de apoio mutuo nos proxectos de Implicadas na India, e participou no debate posterior xunto con Sonia Méndez e Olaia Sendón.

- **VIII EDICIÓN DO FESTIVAL DE CANS (O PORRIÑO)**

No mes de maio realizouse o anuncio oficial e a proxección do tráiler do documental "Cambia de papel", que foi filmado no mes de marzo por María Reimóndez e Luís Tosar xunto cun equipo támara na India e que agora mesmo se atopa en proceso de produción.

- **CULTURAL**

Nos días 2, 3 e 4 de decembro, Implicadas organizou no *Culturgal* un stand e máis un obradoiro pensados para seren unha plataforma de deseño de actividades culturais que axuden a tender pontes entre pobos, mesturando o mundo da cooperación e o da cultura. A asistencia a este evento superou, ao longo dos tres días, as 14.000 persoas.

- **Relatorio no CONCELLO DE PIÑOR**

O relatorio centrouse no proxecto para a erradicación do infanticidio feminino en Salem. No concello fíxoselle entrega ao persoal da asociación dun donativo de 800€, derivado do aforro enerxético polo retiro do alumado municipal do Nadal.

- **XIV Congreso Estatal de Voluntariado**

O congreso celebrouse na Coruña os días 29 e 30 de novembro e mailo 1 de decembro. Malia que non se cumpriron as expectativas, xa que se esperaba outro ambiente e dinámica, a actividade contribuíu á difusión da organización e da campaña. A asistencia foi de aproximadamente 6.000 persoas.

- **Curso “Un mundo desigual: retos e perspectivas”**

Un ano máis, Implicadas foi convidada a participar cunha clase no curso “Un mundo desigual: retos e perspectivas” da Universidade de Vigo. O 21 de setembro, Blanca Rodríguez ofreceu un relatorio sobre a realidade sociocultural da India, centrado en especial na perspectiva de xénero e das mulleres.

- **Relatorio no IES Ramón Cabanillas de Cambados**

O instituto de Ensino Secundario Ramón Cabanillas convidou a Implicadas a presentar un relatorio sobre o seu traballo ante un grupo de arredor de 50 mozas e mozos de entre 14 e 15 anos. Na queda de preguntas ao remate da sesión, o grupo amosouse moi interesado e xurdiron numerosas preguntas, tanto sobre o traballo da organización como sobre temas de xénero.

- **Relatorio no CEIP Isidro Parga Pondal (Santa Cruz)**

O centro convidou a Implicadas para que lles presentasen o seu labor ás crianzas de 4 anos, a través de vídeos e power point. Despois desta exposición e de moitas preguntas por parte

das crianzas, o grupo fíxolle entrega a Implicadas dunha doazón de 32 euros que recadaran nun mercado solidario organizados pola clase e maila súa mestra.

- **Relatorio no CEIP Valle Inclán (Oleiros)**

Repetiuse a dinámica posta en marcha anteriormente no Isidro Parga de Santa Cruz.

- **Cumio Mundial do Microcrédito**

Neste ano 2011 o Cumio Mundial do Microcrédito celebrouse na cidade de Valladolid, unha oportunidade que Implicadas non podía deixar pasar para participar nun evento de tanta importancia. Presentouse unha comunicación titulada “Cuando el dinero es lo de menos: el poder transformador de los grupos de ayuda mutua”, pero non foi aceptada. Sen embargo, Implicadas enviou a dúas representantes ao cumio, no que participaron 1.700 persoas. Por desgraza, a impresión xeral da experiencia non foi moi positiva, xa que se fixo patente como o sector das microfinanzas está afastado dos ideais de empoderamento e desenvolvemento cos que xurdiu e máis próximo á dialéctica empresarial; en concreto céntrase na mellora das prácticas bancarias, no establecemento de marcos regulatorios e selos de excelencia, na optimización dos servizos financeiros, na procura de que se lles poidan ofrecer "aos clientes" outros servizos e na consecución de obxectivos de carácter financeiro, pero non tanto de desenvolvemento, de carácter social ou, moito menos, de xénero. Tamén se escoitaron voces críticas, aínda que minoritarias, co enfoque xeral do cumio que reclamaban menos burocracia e máis acción e reivindicaban o retorno aos valores orixinais de enfoque social, empoderamento e xénero.

MESAS INFORMATIVAS

Os obxectivos das mesas informativas son:

- Dar a coñecer Implicadas no Desenvolvemento ofrecendo información sobre os seus obxectivos e sobre a campaña 1de200.
- Fomentar o voluntariado e o número de socios/as.
- Recadar mediante a venda de produtos de comercio xusto e *merchandising*.
- Coñecer e establecer relacións con outras asociacións da cidade.

O número de mesas informativas desenvoltas na comunidade da **Coruña** durante o ano 2011 tiveron lugar en tres lugares:

- **Torneo I Memorial Antonio Ares** en Boimorto (23 de xullo).
- **Rock in Way**, en Santiago de Compostela, Monte do Gozo (9 e 10 de setembro).
- **Mercado Ecolóxico e Artesanal - Mercanatura** nos Rosais (22 de outubro, 26 de novembro e 17 de decembro).
- **Feira de Asociacións** (27 de novembro, Carballo).

Na **comunidade lucense** leváronse a cabo durante o ano 2011 tres mesas informativas:

- **Feira de Asociacións** (08, 09 e 10 de abril, Praza da Soidade da cidade de Lugo).
- **Mesa informativa en Monforte, en colaboración co Club Quixós** (28 de agosto, Monforte).
- **Feira de Comercio Xusto** (05 de novembro, Praza Maior da cidade de Lugo).

Na provincia de **Pontevedra**, tiveron lugar dúas actividades:

- **Culturgal**, en Pontevedra (2, 3 e 4 de decembro).
- **Torneo Armando Cajaraville**, no Complexo Deportivo de Samil, Vigo (2 de xullo).

CLUBS DE LECTURA

Co obxectivo de dar a coñecer as culturas do Sur e de implicar o sector cultural galego nunha cooperación feita dende Galicia, Implicadas elaborou unha proposta que combina o **compromiso coa cultura e a solidariedade galega** baixo as actividades dos **CLUBS DE LECTURA**.

Os primeiro club de lectura foi posto en marcha pola nosa organización no ano 2007 na cidade de Lugo e, dada a boa acollida desta actividade, pronto foi creado outro club de lectura en Compostela. Na actualidade, Implicadas traballa na mellora do funcionamento dos mesmos, para así poder chegar a un maior número de participantes.

Funcionamento

O funcionamento do club de lectura de Implicadas no Desenvolvemento é o seguinte:

- O grupo de voluntariado de Implicadas fai unha compilación de obras escritas en galego sobre temas de interese social: a solidariedade, desigualdade de xénero, a inmigración, a cooperación e o desenvolvemento nos países do Sur, o comercio xusto, a violencia de xénero, a integración social de grupos marxinais, etc.
- A partir da lista de libros propostos, o voluntariado de Implicadas elixe catro obras para o período de tempo que comprende un curso escolar (de setembro a xuño) e establécense as datas para a reunión en grupo.
- A organización elabora carteis, folletos e anuncios informativos dos clubs de lectura nos que se inclúe información xeral sobre o club de lectura, as obras propostas e as datas e lugares establecidos para a reunión das persoas que queiran participar.
- Nas datas establecidas na programación dos clubs de lectura, o voluntariado de Implicadas e todas aquelas persoas interesadas en participar nesta actividade reúnen nos lugares establecidos para analizar conxuntamente o libro correspondente. A análise de cada libro faise dende o punto de vista do contido, aínda que se mencionen algúns aspectos de tipo literario.
- Estas xuntanzas organízalas o voluntariado de Implicadas, que ademais se encarga de levar a cabo unha primeira toma de contacto co tema e de presentar a obra ante as persoas participantes.
- Para estas xuntanzas inténtase que acudan as/os autores/as do libro para afondar máis no contido da obra cos seus comentarios. No caso de que a presenza da autora ou autor non sexa posible, cóntase cunha persoa convidada que teña relación co tema do libro e que poida achegar a súa experiencia persoal ao debate.

- Deste xeito, as participantes comentan aqueles aspectos que lles resultaron interesantes ou novidosos sobre a obra. Este tipo de reunións crea unha relación de empatía, reforzando o valor da lectura.

Entre os aspectos imprescindibles para o bo funcionamento dos clubs de lectura destacamos os seguintes:

- Divulgación da actividade a través de diversos medios para informar o maior número de persoas posible.
- Elaboración de folletos e carteis informativos.
- Entrega de material promocional en bibliotecas e librerías das cidades, así como tamén en centros educativos e asociacións xuvenís, veciñais, etc.
- Publicación da actividade nos medios de comunicación locais, a través do envío de notas de prensa, na axenda cultural dos medios e a través da colocación de anuncios publicitarios.
- Publicación da actividade na axenda cultural de sitios web solidarios e culturais.
- Publicación da actividade na páxina web da propia ONG (www.implicadas.com ou www.implicadas.blogspot.com).
- Potenciación do efecto “correr a voz”, para que as participantes dos clubs de lectura recomenden as obras e os clubs entre os seus amigos, familiares e demais coñecidos.
- Contar cun fondo bibliográfico das obras seleccionadas para emprestarlles tanto ás persoas participantes coma ao voluntariado e facilitar así a adquisición dos exemplares.
- Contar cun espazo axeitado que conte co equipamento necesario (mesas, cadeiras, proxector de diapositivas, papel, lapis, etc.) para realizar as xuntanzas dos clubs.

Obxectivos perseguidos cos clubs de lectura

- Sensibilizar a sociedade galega sobre os temas da inxustiza e o reparto da riqueza, así como de todos aqueles temas sociais que preocupan as sociedades actuais (violencia de xénero, igualdade de oportunidades, inmigración, a educación da xuventude, etc.).
- Implicar a cidadanía galega con proxectos solidarios que teñan como base a cultura e a lingua galega.
- Potenciar a fala e a lectura en lingua galega.
- Potenciar o coñecemento sobre @s autor@s e traductor@s galeg@s.
- Dar a coñecer Implicadas no Desenvolvemento en toda Galicia e amosar o traballo que está a desenvolver tanto en Galicia (con proxectos de sensibilización e culturais) como na India e Etiopía (con proxectos de desenvolvemento e cooperación).

No 2011 desenvolvéronse sete clubs de lectura nas cidades de Compostela, Lugo e Vigo.

Club de lectura de Compostela

O número de obras comentadas no club de lectura da cidade foron tres:

- *Extremas*, de Ana Romani (21/03/11, no Bar M*).
- *Em tránsito*, de Raquel Miragaia (02/04/11, no Bar M*).
- *O coitelo en Novembro*, de Marila Alexandre (11/04/11, no Bar M*).

Club de lectura de Lugo

Propuxo a lectura de tres obras:

- *Pirata*, de María Reimóndez (07/02/11, na Librería Trama, Lugo).
- *Onde houbo lume*, de Marica Campos (04/04/11, na Cova da Terra).
- *A revolta dos indignados*, v.v.a.a. (29/11/11, na Cova da Terra).

Club de lectura de Vigo

Destacou como un dous máis interesantes grazas á actividade dos **Cafés Literarios** en colaboración co Centro de Documentación e Recursos Feministas de Vigo. A primeira sesión (27/09/11) consistiu nunha presentación do centro organizador, do funcionamento do club e do servizo da biblioteca. Así mesmo, Lorena Arévalo, de Implicadas, fixo unha presentación de 10 minutos sobre o labor de Implicadas no Desenvolvemento.

Club de lectura de Ourense

No mes de novembro tivo lugar o primeiro Club de lectura de Implicadas na cidade de Ourense. Segundo o programado, esta sería a primeira actividade organizada polo novo grupo de voluntariado local que a organización intentaba formar. O Club de Lectura, ben que comezou coa presenza da autora Chus Pato e o persoal de Implicadas, tivo que ser cancelado debido, por un lado, á falta de participantes e, por outro, a un contratiempo importante que lle impediu á autora permanecer na cidade.

VARIA

- Sorteio da colcha colectiva no mes de marzo a prol do proxecto de erradicación do infanticidio feminino en Salem: unha obra de artesanía feita a man por decenas de persoas con 200 rectángulos feitos a calceta e gancho, cheos de cor e sentimentos.

AVALIACIÓN

Como conclusión, podemos afirmar que as nosas actividades de sensibilización chegaron a 15.000 persoas aproximadamente. Esta cifra supera as acadadas nos anos anteriores, froito dun incremento do voluntariado e consecuentemente do número de actividades realizadas nas diferentes cidades e polos diferentes grupos.

2.4. ESTABLECEMENTO DE REDES CON OUTROS AXENTES SOCIAIS

No tocante ao contacto coas empresas, ao longo do 2011 Implicadas levou a cabo un importante traballo a raíz do proxecto de Fortalecemento 2010 e Educación para o Desenvolvemento 2011, ambos financiados pola Xunta. Como froito deste traballo, xurdiron os actuais acordos asinados con EQA, Redyser e Rede Galega de Empresas, ademais da confirmación para a sinatura de convenio con EGANET.

Hai que destacar así mesmo a relación de colaboración entre Implicadas e o Centro de Documentación e Recursos Feministas de Vigo para a realización da actividade *Cafés Literarios*. A comezos de outubro tivo lugar a presentación desta iniciativa, que ata novembro traballou coas obras *Viaxeras intrépidas y aventureras* de Cristina Morató e *La Biblia envenenada* de Bárbara Kingsolver. Implicadas organizará conxuntamente con esta institución o tradicional club de lectura solidario na cidade de Vigo a partir do mes de xaneiro de 2012.

No tocante á colaboración coas entidades deportivas, Implicadas segue colaborando con diferentes asociacións. O noso grupo de voluntariado púxose en contacto cun total aproximado de 400 entidades para propoñer algún tipo de colaboración: difusión de información en webs, blogs e outras canles, instalación de mesas informativas durante os partidos, inclusión do logo de Implicadas no equipamento, etc. A continuación ofrécese unha listaxe das entidades colaboradoras e un pequeno resumo sobre o carácter da colaboración:

- **C. D. Burela Fútbol Sala.** Enlace de Implicadas nas súa páxina web.
- **Club Arco Adarve.** Participación cunha mesa de información no Torneo I Memorial Antonio Ares en Boimorto (23 de xullo).
- **Club ciclista Cambre.** Enlace de Implicadas nas súa páxina web.
- **Club Ciclista Ferrol.** Enlace de Implicadas nas súa páxina web.
- **Club Natación Ferrol.** Enlace de Implicadas na súa páxina web.
- **Club Náutico O Muíño.** Enlace de Implicadas nas súa páxina web.
- **Club Quixós.** Participación de Implicadas cunha mesa informativa durante o Campeonato Galego de Promoción de Slalom en Monforte (28 de agosto).
- **Club San Roque Casablanca.**
 - o Disertación a través da megafonía durante a comida fin de tempada en Castrelos.
 - o Participación no torneo Armando Cajaraville (Samil) (última semana de xuño).
 - o Rolda de prensa na Fundación VIDE (Vigo) para a presentación do equipamento.
 - o Serigrafiado do logo de Implicadas no equipamento.
- **Club Triatlón Coruña.** Enlace de Implicadas na súa páxina web.
- **Club Ximnasia Pontevedra- Burgas Ourense.** Enlace de Implicadas nas súa páxina web.
- **Club de piragüismo As Torres.** Enlace de Implicadas na súa páxina web.
- **Comarcal A Fervenza FSF.** Enlace de Implicadas nas súa páxina web.
- **Comesaña Sporting Club.** Enlace de Implicadas nas súa páxina web.

- **Compostela Esgrima.** Enlace de Implicadas na súa páxina web.
- **Federación Galega de Taekwondo.** Enlace de Implicadas na súa páxina web.
- **Orzán Sociedad Deportiva.** Presencia de Implicadas na cea de fin da tempada (8 de xullo) para falar sobre o seu labor. Contribuíu á visibilización da ONGD e da campaña por medio da fotografía tomada co *plóter* da campaña no partido contra a Selección feminina da Costa da Morte no I Trofeo Fisober Concello de Vimianzo en Semana Santa.

Ademais, Implicadas conta coa colaboración do **xogador profesional de pádel galego, Fernando Aldao Sánchez**, que difunde o noso traballo a través do seu propio *facebook* e inclúe o noso logo na súa camiseta de xogo.

- CUMIO DO MICROCRÉDITO (xa comentado no punto 2.3.)
- EDUCACIÓN SEN FRONTEIRAS

Implicadas tamén colaborou no 2011 coa ONGD Educación sen Fronteiras, na campaña de índole nacional “A educación non é un conto: polos dereitos das nenas e as mulleres”. A colaboración de Implicadas concentrouse en dúas actividades concretas:

- Proxección da película “Buda explotou por vergonza”, o día 20 de xuño ás 19:30 horas na Casa das Mulleres en Vigo, na que Implicadas conduciu o debate posterior á reposición
- Mesa redonda titulada “O impacto da educación nas mulleres e nas nenas”, que tivo lugar o día 22 de xuño ás 20:00 horas tamén na Casa das Mulleres en Vigo. Nesta mesa redonda Implicadas compartiu mesa co Sindicato de Traballadoras/es do Ensino en Galicia e coa asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo.

AVALIACIÓN

O establecemento de redes con outros axentes permítenos incrementar a nosa visibilidade, aínda que con respecto ás asociacións deportivas, debido ao investimento de tempo e recursos e ao escaso rendemento das actividades, é necesario redireccionar as accións emprendidas, dirixíndoas exclusivamente a actividades de visibilización e rexeitando porén participar en actividades deportivas como mecanismo de difusión.

O contacto co Centro de Documentación e Recursos Feministas, no entanto, deu pé ao establecemento dunha actividade conxunta de moito interese para a organización: o club de lectura “Cafés Literarios”, que nos permite inserir unha obra escollida por Implicadas de xeito trimestral. Así mesmo, o CDRF axudou a impulsar a Escola Feminista celebrada na cidade.

O Cumio do Microcrédito perfilouse como unha actividade que se desviou moito dos intereses de Implicadas con respecto a esta metodoloxía de traballo como ferramenta de empoderamento das mulleres dos nosos proxectos. Implicadas no Desenvolvemento valorará a posibilidade de asistir a futuras edicións do Cumio.

2.5. DIVERSIFICACIÓN DAS FONTES DE FINANCIAMENTO

- Este ano, por primeira vez, Implicadas fixo unha campaña de *crowdfunding* de cara ao Implícate. A campaña foi lanzada unhas semanas antes e tiña como obxectivo recadar fondos para axudar a sufragar os gastos de difusión e son do festival.
- Ao longo de todo o ano, ademais das xa tradicionais axendas, Implicadas "lanzou ao mercado" cadernos en A5. Hai catro modelos de portada distintos, coas imaxes de diferentes campañas, carteis ou exposicións de Implicadas realizadas ao longo destes 13 anos.
- Así mesmo hai que mencionar que se agarda unha maior ampliación das fontes de diversificación de financiamento a través das empresas contactadas (a raíz do proxecto de Fortalecemento 2010 e Educación para o Desenvolvemento 2011).

AVALIACIÓN

Implicadas fixo un avance moi importante no 2011 ao diversificar as súas fontes de financiamento. Tanto a campaña de *crowdfunding* coma a venda de cadernos supuxeron para a organización novas fontes de ingresos que permitiron sacar adiante actividades con plena autonomía.

En canto á colaboración coas empresas cabe dicir que esta non foi económica, pero permitiu acadar certa visibilidade no tecido empresarial galego, elemento altamente relevante tendo en conta que ata o momento o contacto co mesmo era practicamente nulo. Ademais estes contactos abren novas posibilidades de colaboracións futuras. Debemos salientar entre as empresas colaboradoras a Zircozine, que coa doazón da recadación da barra VIP do Rock in Way, celebrado o 9 e 10 de setembro de 2011, colabora economicamente coa organización.

2.6. COMUNICACIÓN

A internet seguiu a ser unha ferramenta indispensable para difundir as reivindicacións de Implicadas ao longo do ano 2011. Nas redes sociais, como *facebook* (con case 1.700 siareiras/os) e *Twitter* (con aproximadamente 300), nos blogs (tanto no propio de Implicadas como nos 18 blogs alleos que durante este ano participaron na difusión da campaña) e en *Youtube*, Implicadas consolida a súa presenza e aumenta o seu número de seguidoras/es.

Por outra banda, para a campaña 1de200 segue a funcionar a páxina web (200implicadas.com) e máis un blog específico, que tiveron dende o comezo unha excelente acollida e que permitiron, non só difundir o traballo de Implicadas, senón tamén facilitar a venda de produtos e materiais, a realización de doazóns e a incorporación de novas socias dun xeito sinxelo e sen atrancos.

O labor divulgador que Implicadas realizou durante o 2011 tamén se reflectiu na publicación, en diversos xornais dixitais, de varios artigos, entre os que cómpre salientar:

- *Día da Muller*, publicado en *Galicia Confidencial* en marzo de 2011. Trátase dunha lembranza da situación de desigualdade que sofren as mulleres na nosa sociedade e no mundo.
- *Momento de implicarse*, escrito por María Reimóndez e publicado en *Altermundo* en marzo de 2011. Trata da necesidade de seguir loitando en tódalas sociedades, mesmo as occidentais, para acadar a igualdade, aínda moi lonxe de ser completamente acadada.
- *Sobre o Día da Nai*, publicado en *Galicia Confidencial* en maio de 2011. Céntrase en dúas ideas recorrentes e moi presentes nos dous sistemas dominantes: o patriarcado e o capitalismo.
- Entrevista a N. Manimekalai, publicada na revista *Altermundo* en xuño de 2011. A profesora, convidada por Implicadas, fálanos do papel invisibilizador que a colonización, o capitalismo e o patriarcado exercen sobre o traballo feminista.

Cómpre salientar que a actividades descritas tamén permiten darlle visibilidade ao labor de Implicadas. Durante 2011 estivemos presentes, por exemplo, en Mercanatura (A Coruña) e no *Culturgal* (Pontevedra). Coma en anos anteriores continuamos coa proposta de carteis, campañas de *crowdfunding* e a venda de diversos materiais tales coma a axenda de Implicadas.

AVALIACIÓN

Ao longo deste 2011 Implicadas rexistrou 96 insercións en medios de comunicación tradicionais e 39 insercións noutros soportes e formatos. Destas, 64 corresponden a impactos en prensa escrita, case na súa totalidade reportaxes, artigos e entrevistas.

Practicamente a totalidade das actividades organizadas por Implicadas tiveron impacto nos medios. Ao redor do 75% das insercións en prensa escrita viñeron acompañadas por imaxes, con predominio das fotografías en cor, das actividades realizadas por Implicadas e nas que houbo presenza dos medios.


En radio, Implicadas acaparou ao redor de 290 minutos nas ondas (cun total de 23 insercións en radio), aos que habería que sumarles 105 minutos de entrevistas e reportaxes televisadas (9 insercións).

A estes datos hai que engadir a publicación de artigos de opinión en tres medios galegos: *Altermundo*, *Tempos Novos* e *Galicia Confidencial*.

En canto á páxina web www.implicadas.com, rexistráronse no 2011 un total de 75.707 visitas fronte as 25.138 do 2010. Na seguinte gráfica podemos observar o considerable incremento das visitas no mes de xullo, no mes no que estreamos nova páxina. A metade das visitas á páxina web foron derivadas do *facebook*, de Google e da páxina www.mariareimondez.com. A través do *facebook* recibimos o 25% das visitas.



Con respecto á páxina específica creada para a campaña 1de200, www.200implicadas.com, foron contabilizadas no 2011 un total de 33. 637 visitas, fronte as 14.260 correspondentes ao ano 2010.



O blog <http://implicadas.blogspot.com/>, que recibiu un total de 19.112 visitas dende o 2009, experimentara unha forte baixada de visitas no 2010, un lixeiro repunte no 2011 e un leve descenso contra finais de ano. No seguinte gráfico podemos observar a evolución:



Así, Implicadas conseguiu chegar este ano, a través dos medios de comunicación e outras canles dixitais, a máis de 280.000 persoas na comunidade galega.

2.7. PROGRAMAS DE COOPERACIÓN

2.7.1. ERRADICACIÓN DO INFANTICIDIO FEMININO EN SALEM

Introdución

O programa de Erradicación do Infanticidio Feminino en Salem é unha iniciativa promovida por Implicadas no Desenvolvemento e a organización támil *People's Development Initiatives* (PDI) en colaboración con numerosos actores locais (goberno, feministas, activistas) dende 2007 para tentar poñerlle fin ao infanticidio. É esta unha forma de violencia extrema contra as mulleres pola cal unha comunidade admite que se asasinan as nenas acabadas de nacer pola baixa consideración social das mulleres.

O noso programa traballa en catro bloques do distrito de Salem (Omallur, Tharamangalam, Edaipadi e Konganapuram) e incide en aspectos paliativos como o seguimento de mulleres embarazadas. O seu obxectivo último é porén contribuír a un cambio nos patróns de xénero que faga inadmisíbel calquera forma de violencia contra as mulleres.

Presentamos de seguido os resultados das actividades desenvolvidas durante o ano 2011.

- Actividades de apoio ás mulleres embarazadas e ás súas familias

Durante este ano 4.691 mulleres embarazadas recibiron apoio do programa en forma de seguimento personalizado. As mulleres carecen a miúdo deste tipo de información, xa que ao estar o infanticidio penado por lei, as familias evitan o contacto cos servizos sanitarios ou gobernamentais. Estas sesións de interacción persoal axudan a evitar este fenómeno e neste ano 10.090 mulleres acudiron aos servizos sanitarios grazas ao programa.

Ademais, grazas a estas sesións o persoal identifica os casos de risco, aqueles nos que as mulleres reciben fortes presións para “producir” un varón. Nestes casos as mulleres e as

súas familias reciben asesoramento especializado. Durante este ano realizáronse 10.635 sesións de asesoramento e apoio especializado.

Se as asesoras comprobaban que se necesita unha interacción con toda a unidade familiar poñen en marcha os chamados “diálogos familiares” para debater conxuntamente con tódolos membros da familia a situación. As asesoras motivan a familia para que críen a nena e respecten os dereitos tanto da nai coma da filla. Neste ano organizáronse 261 diálogos familiares.

Outro aspecto importante que entronca estas actividades co empoderamento das mulleres e a igualdade de xénero ten que ver coa atención que lle dedican as traballadoras durante as súas visitas a aspectos como o control sobre o propio corpo e as decisións sobre a natalidade. Neste período 176 mulleres decidiron tomar medidas anticonceptivas permanentes grazas ao traballo do programa.

- **Centro de apoio ás mulleres**

Neste ano 51 mulleres achegáronse ao *Centro de apoio ás mulleres* para obter asistencia legal e/ou apoio psicolóxico. Os casos tratados poden clasificarse en diferentes grupos temáticos: disputas pola propiedade de terras, abandono do home por parir a muller unha nena, presións para cometer infanticidio por parte do home, pensións de viuvez, solicitude dos certificados de nacemento, restricción de dereitos por parte do home, entre eles o dereito a continuar os estudos, e violencia de xénero tanto dentro da familia coma no entorno laboral.

Aínda que as actividades anteriores son importantes, dende o enfoque do programa o fundamental é cambiar as percepcións de xénero que permiten que exista o infanticidio e outras formas de violencia de xénero relacionada. Para isto trabállase con diferentes estratexias que de seguido detallamos:

- **Formación de grupos de axuda mutua**

Os grupos de axuda mutua son asociacións de mulleres, entre 12 e 20, que se reúnen de forma mensual para tratar problemas comúns e crear un sistema de aforro propio. Este fondo vaíse rotando en créditos que as mulleres mesmas deciden a quen lle dar, con que interese e con que prazos de devolución. É unha forma endóxena de que as mulleres teñan acceso ao capital para negocios ou necesidades correntes do día a día e proporciona unha plataforma común dende a cal solucionar problemas tanto persoais coma sociais das súas integrantes ou da comunidade en xeral. Neste ano creáronse 89 grupos de aforro novos que integran a 1.030 mulleres. Levan aforrado 792.750 rupias.

Porén, esta non é a única actividade dos grupos. Neste ano realizáronse sesións cos grupos para tratar temas de xénero. As sesións tratan de temas como os dereitos das mulleres e teñen como obxectivo que as mulleres busquen vías para exercelos.

- **Capacitación laboral**

As integrantes dos grupos de aforro recibiron igualmente formación en diferentes tipos de actividades de índole laboral. Entre estas destacan a fabricación de compresas hixiénicas, *compost* con vermes, produtos alimenticios, de limpeza e xabóns. O 12 de febreiro dúas integrantes do grupo SivaShakthi recibiron formación en pintura de cristal e comezaron a

formar outras mulleres nesta técnica. Durante o 21 e 23 de febreiro o grupo Valarpirai de Tharamangalam recibiu formación en fabricación de compresas e puxeron en marcha unha unidade de produción denominada MANGAI. O proxecto colaborou coa Universidade de Investigación Agrícola de Salem e facilitou a formación de 27 mulleres dos grupos en cultivo de cogomelos e avicultura. Foi unha formación de dous días que tivo lugar o 15 e o 16 de novembro.

- **Capacidades para a vida para adolescentes**

Co obxectivo de sensibilizar a mocidade con respecto a cuestións relativas á igualdade de xénero e mellorar as súas capacidades xerais, organizouse un curso de capacidades para a vida para adolescentes en diferentes aldeas. Neste ano participaron un total de 1.711 persoas (815 mozas e 896 mozos).

- **Formación de clubs de xénero**

Dados os resultados dos cursos de capacidades para a vida, o persoal do proxecto falou coa mocidade para crear clubs de xénero co obxectivo de provocar cambios neste sentido nas persoas participantes e no resto da súa comunidade. A mocidade amosouse moi disposta a poñer en marcha a actividade. O programa fai fincapé tamén no papel fundamental da mocidade na erradicación do infanticidio.

- **Campañas de teatro de rúa**

O teatro de rúa é unha ferramenta que o proxecto leva utilizando dende o inicio para provocar debate e transformar os papeis de xénero existentes. O programa conta cun equipo voluntario de 10 mulleres, incluídas as traballadoras do proxecto, que realizan actuacións en lugares públicos das aldeas para difundir mensaxes contra o infanticidio e outros aspectos relativos á igualdade de xénero, dende a alfabetización aos matrimonios de adolescentes. Neste ano organizáronse obras en 103 aldeas e a asistencia foi de 21.105 persoas.

Ademais, entre o 15 de marzo e o 18 de marzo María Reimóndez e Blanca Rodríguez, de Implicadas, acompañaron a Luís Tosar nunha visita na que o actor impartiu un curso de teatro para as voluntarias do proxecto. O curso centrouse na preparación dun novo guiión escrito pola autora feminista Kavingnar (Kutti) Revathi e titulado *Kolusu*. Ademais, durante esta visita, Tosar, Reimóndez e Revathi realizaron a gravación do documental *Cambia de papel*, no que son protagonistas unha das traballadoras do proxecto e mais tres das beneficiarias.

- **Celebración do Día Internacional da Muller e do Día a prol da Erradicación da Violencia contra as mulleres**

O 8 de marzo máis de 400 mulleres do proxecto reuníronse para celebrar o día internacional da muller. As mulleres organizaron unha manifestación na que berraron protestas contra o infanticidio e o feticidio feminino. A manifestación, que foi iniciada cun discurso de Kavingnar Kutty Revathi, percorreu cinco estradas. Trala manifestación entregóuselles un recoñecemento aos 10 mellores grupos de aforro.

- **Campamento sanitario de otorrinolaringoloxía**

O proxecto colaborou co Royal Pearl Hospital de Trichy para organizar un campamento sanitario de otorrinolaringoloxía o 15 de febreiro no centro de Omallur. Baby Geetanjali, directora de asuntos sociais do distrito, inaugurou o campamento, que beneficiou a 183 persoas.

- **Participación na conferencia sobre a segunda revolución verde**

O 29 de decembro de 2011 Banumathy e Abirami, as dúas asesoras do proxecto, viaxaron a Coimbatore para participar nun congreso dun día sobre a segunda revolución verde, presidido polo Ministro de Agricultura Dhamodharan, o District Collector de Coimbatore, o señor Karunaharan, IAS e o Dr. Parasuraman, do panel científico. Ofreceuse información sobre os cursos de formación da Universidade de Investigación Agrícola e sobre varios programas que ten en marcha o NABARD.

2.7.2. CORREDOR DE XÉNERO (Tiruchirapalli-Karaikal)

Introdución

Ata xullo de 2011 Implicadas no Desenvolvemento e PDI levaron adiante o programa Corredor de Desenvolvemento, que agrupaba o traballo nos distritos de Karaikal e Tiruchy. En xullo de 2011 as dúas organizacións decidiron pechar a parte de traballo de Karaikal, zona costeira afectada pola tsunami, xa que, unha vez que a propia comunidade está en condicións de asumir o proxecto, dáse por completado o proceso comezado en 2005. Dende entón, xa que logo, as dúas organizacións centran o seu traballo unicamente no distrito de Tiruchirapalli, tanto en zona rural como urbana. As dúas organizacións decidiron renomear o programa e denominalo Empoderamento de mulleres en Tiruchirapalli, para que quedase máis claro o seu contido e tamén debido á finalización do traballo en Karaikal.

Nesta memoria anual presentamos os resultados finais de Karaikal por unha banda e pola outra o traballo desenvolvido nos suburbios e aldeas de Tiruchy en 2011.

Karaikal

Dende xaneiro de 2005 Implicadas e PDI desenvolveron un programa primeiro de emerxencia e logo de desenvolvemento en 13 aldeas do distrito de Karaikal. PDI e Implicadas traballaron dende o principio tódolos eixos que caracterizan as nosas intervencións, dende a creación de grupos de axuda mutua ata o apoio sanitario e educativo participativo. Despois destes anos de traballo, Implicadas e PDI decidiron poñerlle fin á intervención en 2011, unha vez que quedou patente que a comunidade e en particular as mulleres contaban con estruturas e capacidades necesarias para xestionar as intervencións de forma autónoma. A continuación resumimos as actividades de 2011 e convidamos as socias e socios a consultar o informe final do programa para obter informacións de tódolos logros conseguidos.

Empoderamento das mulleres

Ao final do proxecto o grupo contaba con trinta e tres grupos de axuda mutua dos que formaban parte 463 mulleres. As integrantes dos grupos recibiron a formación axeitada durante todo o período de duración do programa para poder xestionar as iniciativas comunitarias. Así, xa en 2006, as integrantes dos grupos crearon a Federación “Mother Theresa Women’s Federation” e ao final do programa tódalas mulleres de tódolos grupos formaban parte da Federación. A Federación recibiu ao longo do período de funcionamento do programa 1.870 € como capital para promover as súas actividades. En outubro de 2008 a Federación decidiu encargarse das actividades sociais e crear o Karaikal Mahalir Maiyam, unha unidade financeira da que formaban parte ao final do programa 156 mulleres. Estas mulleres investiron cada unha 8 € para fornecer de capital este banco, a través do cal accederon a 1.200 € propios. Ademais, Implicadas e PDI proporcionaron 1.845 € de capital, mentres que a Federación, que xa levaba rotando o seu propio fondo como crédito, contribuíu con 1.100 €. Esta entidade financeira sen fins lucrativos é propiedade exclusiva das mulleres e ten como fin ofrecerlles crédito ás integrantes da Federación, que é a entidade democrática que supervisa o seu funcionamento. Os créditos ofrécese cun xuro nominal para cubrir gastos administrativos e tódolos grupos teñen dúas representantes na Federación que se reúnen o día 5 de cada mes para supervisar as actividades desta entidade e comprobar que responde as necesidades e esixencias das mulleres.

Igualmente o programa tentou mellorar a capacitación laboral das mulleres para que puidesen poñer en marcha as súas propias iniciativas económicas. En 2011 organizáronse tres programas de capacitación laboral na área de cestería, cultivo de champiñóns e deseño de saris. Durante o período do informe, 27 mulleres recibiron esta formación e deron aberto novos mercados. Igualmente o programa mantivo un centro de ensinanza de costura que foi rotando dunha aldea a outra. O centro instálase durante 6 meses nunha aldea e ofrece formación a mulleres interesadas que non teñen que desprazarse. Durante 2011 recibiron formación 27 mulleres e 5 recibiron ademais crédito para mercar a súa propia máquina de coser. Igualmente, co obxectivo de ofrecerlles alternativas laborais ás mulleres, neste caso especialmente ás mozas, o programa ofreceu clases de informática das que neste ano se beneficiaron 17 mozas (159 dende que comezou o proxecto) e, do total de mozas que asistiron ás clases durante a totalidade do programa, máis da metade conseguiron emprego neste sector. Finalmente, como medida de empoderamento económico, as mulleres puideron acceder a crédito xa non só dos seus propios grupos senón tamén do Karaikal Mahalir Maiyam e do fondo do propio proxecto. Desembolsáronse neste ano 2.700 € destas dúas últimas fontes para ofrecer empréstimo a 42 mulleres. Delas, 25 empregaron o fondo para cubrir gastos domésticos, mentres que 27 usaron os cartos para poñer en marcha os seus propios negocios.

Con todo, o empoderamento non pode concibirse sen a sensibilización de toda a poboación con respecto ao xénero. Para sensibilizar tanto os homes coma as mulleres, puxéronse en marcha este tipo de programas en tódalas aldeas. Durante 2011, organizáronse sete encontros de sensibilización de xénero coa participación de 140 persoas,

das que 28 eran homes. Creáronse tamén programas á parte para os grupos de axuda mutua e conseguimos sensibilizar a 16 grupos neste período.

Ademais, o proxecto mantivo as actividades de apoio psicolóxico á poboación. Anteriormente, durante as actividades de emerxencia, as asesoras investiron máis tempo de terapia psicolóxica con aquelas persoas que perderan as súas familias e que se viran moi afectadas pola tsunami. Máis adiante o apoio centrouse nas mulleres, especialmente naquelas que estaban en situación crítica dende calquera punto de vista. Por exemplo, había unha gran cantidade de mulleres afectadas polo comportamento alcohólico dos seus homes. Este proxecto, tras realizar os servizos de asesoramento e contactar cos Centros de Desintoxicación de Karaikal e Nagapattinam, derivou a estes centros a poboación alcohólica. Durante 2011, 107 mulleres tiveron acceso aos servizos de apoio do proxecto e 426 continuaron cos procesos de seguimento.

Actividades sanitarias e educativas

Porén, o empoderamento non pasa só polas cuestións económicas, senón que tamén inclúe outros aspectos. O proxecto seguiu centrándose durante este ano na saúde das mulleres mediante campamentos sanitarios e, sobre todo, mediante as campañas de sensibilización nas que se trataron aspectos como a saúde reprodutiva, a saúde xeral e ETS/VIH/SIDA. Os campamentos sanitarios foron organizados xunto co centro médico Vinayaka Mission Medical College Hospital. As pacientes diagnosticadas de enfermidades crónicas foron derivadas aos respectivos departamentos do mesmo hospital. Durante 2011, organizáronse seis campos sanitarios nos que 325 persoas recibiron revisións médicas. 45 destas persoas acudiron ao hospital para recibir tratamento. Por outra banda, establecéronse cinco campañas de concienciación contra o alcoholismo, que contaron coa presenza de asesores ex adictos.

Finalmente, o programa desenvolveu tamén clases de apoio para a infancia. Ao remate do proxecto, tódalas actividades foron derivadas á Federación, que mantén o salario do persoal necesario para levar adiante todas estas actividades de forma independente.

Tiruchirapalli

Empoderamento de mulleres

O programa concibe o empoderamento das mulleres dunha forma complexa na que non só se lle dá prioridade ao económico. O empoderamento baséase sobre todo nas actividades dos grupos de axuda mutua, que ademais de actividades de tipo social e de solidariedade entre as mulleres promove o aforro e o crédito interno. En 2011 creáronse 35 grupos dos que forman parte 503 mulleres. Os grupos aforraron 19.300 € durante o ano e ademais 19 grupos recibiron apoio bancario para ampliar o seu capital, nove grupos recibiron fondos da entidade TDCC por unha contía de 8.200 € e dez recibiron apoio do Indian Bank por un importe de 20.300 €.

Para poderen xestionar os seus grupos de forma axeitada, 131 mulleres recibiron formación sobre o tema e 27 integrantes de directivas de grupos recibiron formación específica sobre o mantemento da contabilidade e os demais rexistros dos grupos.

Para concluír as actividades centradas nos aspectos económicos, cómpre sinalar que se organizaron catro cursos de capacitación laboral sobre bordado de saris, estampado de saris, encadernación e produción de bolsas de papel, dos que se beneficiaron 22 mulleres. Igualmente, o programa apoiou a 26 mulleres con 1.900 € para poñer en marcha os seus propios negocios.

Alén disto, resulta fundamental o desenvolvemento da solidariedade entre as mulleres, algo que xa os propios grupos de axuda mutua promoven. Como resultado deste esforzo, o 8 de marzo as mulleres dos grupos organizaron a celebración do Día Internacional das Mulleres, evento que conseguiu reunir 1.500 participantes en Tiruchy. Durante a manifestación tratáronse varios temas como a violencia de xénero ou a desigualdade en diferentes eidos da vida. A manifestación percorreu o centro de Tiruchy e contou con feministas convidadas como a Dra. N. Manimekalai, Dna Christy Subathra ou a Sra. J. Kavitha. Ao remate da manifestación, entregáronselles os premios ao mellor voluntariado de xénero de tódolos programas de PDI en Tiruchy.

O programa tamén traballou o día da Eliminación da Violencia Contra as Mulleres o 25 de novembro de 2011 e reuniu 130 integrantes dos grupos de axuda mutua. A Dra. N. Manimekalai intercambiou impresións sobre o tema da violencia de xénero en diversidade de entornos, mentres que dúas avogadas, Dna. Sathiyabama e Dna. Kavitha, informaron das leis existentes contra a violencia de xénero. Novamente o voluntariado de xénero recibiu os seus certificados de recoñecemento na promoción da igualdade de xénero.

Precisamente a formación de voluntariado de xénero é fundamental para o desenvolvemento do programa e durante este ano 16 mulleres e 4 homes recibiron formación para poder transformar as súas comunidades e tomar medidas inmediatas nos casos de violencia ou outro tipo de abusos. Ademais, organizáronse 11 xuntanzas de sensibilización sobre xénero ás que asistiron 234 mulleres e 20 homes.

Finalmente, o programa conta dende 2010 cun centro de atención ás mulleres que ten a súa sede na cidade de Tiruchy. O seu obxectivo principal é proporcionarlles asistencia e apoio ás mulleres en situación de emerxencia e tamén ofrecerlles formación e asesoramento ás mulleres para enfrontarse aos seus problemas con acceso directo ao sistema legal. Neste ano 30 mulleres acudiron ao centro, en oito ocasións os seus casos foron derivados á policía e en cinco aos servizos legais. Dez casos continúan en seguimento.

Actividades sanitarias

As actividades sanitarias resultan tamén un eixo fundamental para o empoderamento das mulleres e o benestar de toda a comunidade. Organizouse un campo sanitario de medicina xeral, ao que asistiron 162 mulleres, 58 homes, 40 nenas e 23 nenos, cun equipo médico

que atendeu os casos leves e derivou os demais para tratamento. Tamén se organizaron programas de sensibilización sobre diversos temas. Un dos temas tratados foi a saúde mental, ao que asistiron 71 mulleres e 6 homes. Así mesmo, organizouse un programa de sensibilización sobre saúde prenatal, no que participaron 24 mulleres, e mais un programa de orientación sobre saúde menstrual para mozas, no que participaron 67 rapazas.

O programa promove tamén a adopción de medidas de control de natalidade como medio para que as mulleres tomen control e sexan donas do seu propio corpo. Neste ano 12 mulleres adoptaron medidas de control da natalidade permanentes.

Igualmente o programa atende as necesidades das persoas con discapacidade e procura que poidan acceder ás axudas gobernamentais. Neste ano tramitáronse no goberno os rexistros de dúas persoas para que poidan recibir o subsidio e tamén a tarxeta gratuíta do bus urbano.

Para alén destas medidas de tipo paliativo e preventivo, o programa realiza tamén a formación de voluntariado sanitario de forma que estas persoas poidan facerse cargo das actividades sanitarias no futuro de forma independente. Ata o momento formouse a 17 mulleres, que xa están activas nas zonas urbanas, como voluntarias. O obxectivo é formar homes que tamén realicen estas tarefas.

Actividades educativas

O programa realiza actividades educativas de apoio para as nenas e nenos, que se realizan cada día á tardiña no suburbio/aldea. Durante 2011, 201 nenas e 139 nenos asistiron a estas clases que realizan as animadoras.

Ademais, o programa tamén promove as xuntanzas entre familias e animadoras para motivar a mais e pais á hora de implicarse na educación das crianzas. Neste ano 406 mulleres e 100 homes asistiron á xuntanzas. O programa “Corredor de xénero” inclúe os distritos de Tiruchirapalli e Karaikal e leva en marcha dende 2008 co obxectivo de conseguir o empoderamento das mulleres e un desenvolvemento con enfoque de xénero a tódolos niveis entre as comunidades empobrecidas de ámbolos distritos, que inclúen a 20.000 persoas. Inicialmente o proxecto tiña previsto incluír tamén o distrito de Thanjavur e formar así un corredor físico, pero finalmente non puido completarse o plan inicial por falta de fondos. Aínda así, dende 2008 os traballos continúan coa poboación prevista. Este informe achega información sobre as actividades desenvolvidas de febreiro a abril de 2011.

AVALIACIÓN

O mais salientable na área de proxectos é que estamos logrando os obxectivos propostos e maximizando as nosas capacidades para conseguir financiamento de xeito autónomo.

3. RECURSOS HUMANOS E ORGANIZACIÓN INTERNA

Para mellorar a xestión e a organización interna, Implicadas elaborou no ano 2008 un Plan de Xestión, que se consolidou no ano 2009, baseado no traballo en equipo e no reparto de tarefas. Dende entón, distribúese a todo o voluntariado e a tódalas persoas que solicitaron o ingreso na organización o *Manual de Acolida do Voluntariado*, no que se recollen as tarefas, dependendo do eido de actuación, que pode desenvolver o voluntariado de Implicadas, así como orientacións prácticas para o desenvolvemento das mesmas.

Como centro de referencia para todo o voluntariado, Implicadas conta cun local na cidade de Vigo (Rúa Camelias 49, escaleira), que funciona como sede da Secretaría Técnica. Este centro concíbese así mesmo como centro de documentación e exposicións. Conta cunha biblioteca e cun centro de recursos e serve tamén como punto central no que desenvolver as actividades permanentes e de formación de Implicadas, así como as xuntanzas do voluntariado e da Xunta Directiva.

No que respecta á base asociativa, hai que destacar o importante incremento no número de socias durante o ano 2011 (pasou de 127 a 188). Este éxito debeuse á campaña 1de200, que se deseñou co obxectivo de acadar a independencia económica e se desenvolveu a partir do mes de outubro.

AVALIACIÓN

No 2011 produciuse unha rotación de cargos na Xunta Directiva, aprobada pola Asamblea Xeral de Socias/os. Tamén nos grupos locais houbo rotación de coordinadoras, tal e como se promove que se faga para motivar o voluntariado a incrementar o seu compromiso coa organización. Con todo, non se traballou convenientemente a reorganización dos recursos humanos. Na xuntanza que o voluntariado celebrou no 2011 en Taboada fíxose unha revisión dos papeis e funcións de cada posto e detectouse a necesidade de establecer un sistema de xestión da organización interna. O proxecto de fortalecemento, para o que se lle pediu unha subvención á Xunta de Galicia, incidiu neste aspecto. A consultora Estratega Consulting realizou as tarefas de análise organizatorio para extraer conclusións e corrixir posibles malas prácticas.

4. FINANCIAMENTO

AVALIACIÓN

O máis salientable na área financeira é o incremento de capacidades para a obtención de financiamento propio, o que nos dá unha autonomía descoñecida para nós ata este ano.

5. CONCLUSIÓN

Nesta memoria recóllese o traballo realizado por Implicadas no Desenvolvemento no ano 2011. Tódalas actividades realizadas foron froito do traballo desinteresado das voluntarias e voluntarios que día a día fan posible que os principios que moven a Implicadas cheguen tanto aos países do sur coma á sociedade galega.

Somos unha das poucas organizacións que traballa realmente cun ENFOQUE DE XÉNERO, polo que o noso traballo resulta imprescindible para acadarmos un mundo máis xusto e igualitario.

Despois de trece anos de traballo constante, a organización segue medrando e mantén o firme propósito de continuar co seu traballo tanto en Galicia coma nos países en vías de desenvolvemento.

Dende Implicadas queremos agradecer o traballo do voluntariado, anónimo e escaso de recoñecemento social, que fai posible un mundo mellor e representa a alternativa da sociedade civil diante dos valores establecidos. Así mesmo queremos agradecerlles ás nosas socias e socios, que fan posible os nosos proxectos coas súas achegas económicas. Mención especial merecen tamén as nosas colaboradoras e colaboradores, persoas de distintos ámbitos da cultura e da sociedade galega, que supoñen para Implicadas un incondicional e desinteresado apoio e sen as que algunhas das actividades non serían posibles. A nosa gratitude, por fin, á cidadanía galega por acompañarnos neste proxecto de facer cooperación dende Galicia e como galegas.